610. (8) 47) Rapaza ti te-lo virgho,
o virgho quiteiche eu-e,
e si Dios non che perdona
e a ti perdónoche eu-e.

621. Traia-la 48) ~~Fraila~~ mixeira torta
heicha de poñer dereito,
aínda che hei de preguntar
o mal que che teño feito.

623. 49) "Ti fodiche, miña filla,?
"non fodin, miña nai non-he."
"Esas manchas da camisa
elas do carallo son-he."

628. 50) ..... ghrande
foi á feira dos novelos,
si movedes por ahí
dádelle rata con pelos.

Ordes III, 1, Olas, Nadal 1978

CD 10, 8

| | | | |
|---|---|---|---|
| Rafael | 62 | anos | |
| Elvira | 60 | " | |
| Xesusa | 40 | " | (filla) |

III,1,633. 51) O virgho é cousa santa
porque está nas letanías,
a muller que non ten home
rasca nel todo-los días.

640. 52) Pasei pola túa porta
e mirei polo ferrollo,
estaba a túa nai caghando
e meteume un chuzo nun ollo.

643. 53) Pasei pola túa porta
e mirei pola pechadura,
estaba a túa nai mexando
no cesto da verdura.

656. 54) Pasei polo teu curral-e
erghin os ollos e vin-he
/:un letreiro que decía:/
eu para ti non nacín-he.

662. 55) Miña mai doume unto vello
da cocha que ha de matar-e
tamén m'ha dar berzas da horta
das coles qu'ha de plantar-e.

669. 56) Cásome contigho vella
pero has me dar un recibo
/:que si non morres mañán/
pasado entérrote vivo.

672. 57) ~~Cásome~~ Heime de casar cun vello
para me fartar de rir,
e puñerlle a cama alta
con que non poida subir.

674. 58) Eu caseime aló abaixo
na terra dos maraghatos
e tocoume un velliño
todo esghazado dos ratos.

677. 59) Teño unha rosa na horta (herba) Grova
que lle chaman ciridonia,
/:para ti falar conmigho:/
/:douche Dios pouca memoria:/

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
iEi instituto de estudos das identidades

Ordes III, 1, Olas, Nadal 78, Rafael, Elvira, Xesusa

CD 10, 8

III,1,680. 60) Teño unha rosa na horta (herba)
que é tan alto coma un valo, V 164
unha chata coma tí
haina en calquera lado.

682. 61) Teño unha rosa na horta
que rosea polo pé-e, V 171a
/:tamén ti has de rabear:/
por decir-lo que non é.

688. 62) /:Rapaza pio teu portelo
a) atrancarasIle cun ramallo:/
o meu becerro é beceiro
váiseche botar ao prado.

~~690.~~ b) Se o teu becerro é veceiro
halo dir arrecadando,
o meu prado non tén herba
para mante-lo teu ghando.

694. 63) /:O amor que ha de ser meu-e
ha de te-lo cú de pau-e:/
e a barrigha de manteca VI 515c
i as pernas de bacalau-e.

697. 64) Manuel Manueliño
meu Manueliño ha de ser-e,
quén me dera se-lo lume VI 1810
que eu a Manuel derreter-e.

702. 65) Se non tedes sachos
traémolos nos,
arados de ferro
e carros con bois. 4,4,1,2

705. 66) Miña Santa Margharita,
miña Margharita Santa,
aughuiña da túa fonte
curou a miña gharghanta.

708. 67) E ti telo, telo
e non queres dar
e despois de vella
halo chamuscar. 4,4,1,2

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
A P O I
Museo do Pobo Galego
iEi instituto de estudos das identidades

Ordes III, 1, Olas, Nadal 1978

CD 10, 8

Rafael 62 anos
Elvira 60 "
Xesusa 40 " (filla)

III,1,714. 68) Unha nena nunha fonte
por unha berza bebía,
a berza estaba rachada,
toda a augha lle vertía.
E ti telo...

716. 69) Eu pedinllo a unha nena
no pasadoiro do prado, VI 1087 c
ela díxome que non-he
que 'sta o terreno mollado.

719. 70) Eu pedinllo a unha nena
na canceliña da eira
ela díxome que non-he VI 1081
que viña' à xente da feira.

E ti telo telo
e non queres dar
e despois de vello
halo reghalar. (de salar)

724. 71) Ándame' a cabra na i-horta VI 1261
e o cabrito nos repolos,
os mociños que'hai aghora
traien carrachas nos ollos.

727. 72) Anduvécheste alabando
pareces un fol de cocos,
a la cabecera tienes
ferrado e medio de mocos.
E ti telo....

**Nota de edición:** Aínda que no cartafol orixinal de Dorothé Schubarth aparece como data de recolla Nadal de 1978, consideramos que se trata dun erro e que esta gravación foi realizada en decembro de 1979. As datas das pezas inmediatamente anteriores e posteriores así como as referencias delas no Cancioneiro Popular Galego e nas cubertas dos casetes orixinais, son todas do ano 1979.